

PLAN DE CONVIVENCIA IES TERRA DE TRASANCOS (NARÓN)



ÍNDICE

1. ANÁLISE DA CONVIVENCIA NO CENTRO. DETECCIÓN DE NECESIDADES	1
2. OBXECTIVOS	2
3. ACTUACIÓNS, MEDIDAS E PROGRAMAS	3
4. COMISIÓN DE CONVIVENCIA	6
5. NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO (VER ANEXOS)	6
6. AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA (VER ANEXOS)	6
7. PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR (VER ANEXOS)	6
8. PROGRAMAS DE HABILIDADES SOCIAIS (VER ANEXOS)	6
9. ESTRATEXIAS PARA REALIZAR A DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA	7
10. AVALIACIÓN E MELLORA	7
11. ANEXOS. NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO E PROGRAMAS COMPLEMENTARIOS	

1. ANÁLISE DA CONVIVENCIA NO CENTRO. DETECCIÓN DE NECESIDADES

O Instituto de Ensino Secundario Terra de Trasancos é un centro do Concello de Narón (A Coruña) de titularidade pública. Atópase no lugar do Camiño Real e o acceso principal ao centro resólvese dende a Estrada de Cedeira. A distancia do IES aos núcleos urbanos do concello, así como a procedencia dos alumnos fai que estes utilicen para o acceso ao centro transporte escolar e, no caso dos alumnos de ciclos, transporte privado cando o seu horario lectivo non coincide co do resto dos alumnos. Este feito supón un condicionante na actividade do centro pois, na práctica, o desenvolvemento de calquera actividade fóra do horario lectivo implica o desprazamento dos participantes polos seus propios medios sen que exista nin sequera transporte colectivo público nas proximidades.

O centro está situado nunha das comarcas co maior índice de desemprego de toda Galicia. Dende fai uns anos percibimos moitas problemáticas relacionadas con dificultades de tipo económico e, derivado disto, de inserción social.

Feita a detección de necesidades, a partir das enquisas realizadas a todos os membros da comunidade educativa e dos documentos do centro (partes de expulsións, expedientes disciplinarios, etc.) extráense as seguintes conclusións:

- Polo xeral o clima do Centro é positivo e o sistema de relacións, tanto dentro dos diferentes sectores da Comunidade educativa, como entre eles é correcto e respectuoso.
- O tipo de conduta problemática máis frecuente é a que corresponde xeralmente aos alumnos/as dos tres cursos da ESO, ten que ver con incumprimentos de deberes ou faltas de carácter leve. Estes comportamentos eméndanse fundamentalmente co diálogo e coa aplicación das correccións que se contemplan.
- Detéctanse casos de alumnos con comportamentos disruptivos na aula, que impiden que a clase se desenvolva con normalidade, interrrompendo ao profesor, incluso faltándolle ao respecto. Son alumnos, por outra parte, que en xeral non amosan interese ningún polas materias impartidas, en moitas ocasións non traen o material necesario a clase, repetiron curso algunha vez ao longo da súa escolaridade, presentan trastornos de aprendizaxe e acumulan un significativo atraso escolar. A idade destes alumnos adoita estar entre os 14 e 16 anos, e, polo xeral, esperan acadar a idade que lles permita abandonar o ensino obrigatorio.
- Así mesmo obsérvanse condutas irrespectuosas co coidado do material e dos espazos do centro que temos que corrixir.
- Obsérvanse, cada vez con máis frecuencia, condutas irrespetuosas relacionadas co mal uso de teléfonos móbiles e outros aparatos electrónicos
- Os profesores manifestan maioritariamente que o comportamento dos nosos alumnos e alumnas é, habitualmente, bo e respectuoso. As condutas máis reprobadas polo profesorado son as que teñen que ver cos alumnos que teñen pouco interese polas súas clases, que non traballan, que non traen o material necesario, que non prestan atención ou /e distraen aos seus compañeiros, interrrompendo a marcha normal da clase.

- Ás familias preocúpanlles principalmente aquelas actitudes dos alumnos que interfiran no proceso de ensino – aprendizaxe dos seus fillos, que impidan que as clases se desenvolvan nas mellores condicións e non poidan aproveitarse debidamente.
- Os alumnos conceden importancia principal a que se respecten as súas pertenzas, a que o comportamento dos compañeiros non dificulte que as clases poidan impartirse con normalidade e a que se tome en conta a súa opinión nas cuestións do centro.

2. OBXECTIVOS

- a) Garantir un ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de xeito óptimo os recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado no posto escolar.
- b) Educar no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.
- c) Previr e o actuar ante as situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces.
- d) Fomentar a corresponsabilidade das nais e pais ou das titoras ou titores no mantemento da convivencia nos centros docentes.
- e) Promover a resolución pacífica dos conflitos e fomentar valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas, avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e a mellora da convivencia escolar.
- f) Avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar.
- g) Sensibilizar aos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado.
- h) Mellorar a comunicación entre o profesorado e as nais e pais ou as titoras ou titores para facilitar a estes o exercicio dos dereitos e o cumprimento dos deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas.
- i) Desenvolver unha intervención preventiva como medio para conseguir un bo clima de convivencia, fomentando a acción tutorial como instrumento.
- j) Resolver os conflitos que se orixinen de maneira formativa, como un mecanismo orientado ao logro dunha educación para a paz e a tolerancia.

3. ACTUACIÓNS, MEDIDAS E PROGRAMAS

	ACTUACIÓNS	IMPLICADOS	TEMPORALIZACIÓN
Actividades de acollida para o alumnado que se matricula por primeira vez no centro e para as súas familias.	<ul style="list-style-type: none"> - A orientadora acudirá ao CEIP A Gándara, centro adscrito ao noso IES, para realizar unha sesión de orientación co alumnado de 6º E.P. para explicarlles as novidades da nova etapa que iniciarán e respostar ás súas dúbidas. - Levarase a cabo unha Xornada de Portas Abertas orientada ao alumnado novo no centro e ás súas familias. - Elaboración dun breve díptico explicativo para o alumnado que se incorpore a 1º ESO 	<p>EQUIPO DIRECTIVO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN FAMILIAS ALUMNADO</p>	MES DE XUÑO
	<ul style="list-style-type: none"> - Cada titor/a convocará ás familias da súa titoría para coñecerse e informalos das cuestión concretas do curso. 	TITORES/AS FAMILIAS	SETEMBRO-OUTUBRO
Contribuír dende o Plan de Acción Titorial (PAT) á mellora da convivencia.	<ul style="list-style-type: none"> - Establecer as normas de convivencia do grupo. - Mellora das habilidades sociais e Educación Emocional - Resolución pacífica de conflitos. - Sensibilización fronte aos casos de acoso - Igualdade entre homes e mulleres - Non discriminación - Educación para o Desenvolvemento 	<p>XEFATURA DE ESTUDOS DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN TITORES/AS ALUMNADO</p>	<p>AO LONGO DE TODO O CURSO REUNIÓNS TRIMESTRAIS DE TITORES/AS POR CURSO</p>

Deseñar medidas de prevención para evitar condutas disruptivas na aula	- Tomaranse acordos sobre medidas colectivas segundo o curso e a situación	COMISIÓN COORDINACIÓN PEDAGÓXICA CLAUSTRO	AO INICIO DO CURSO NAS SESIÓNS DE AVALIACIÓN
Atender á diversidade do alumnado	Desenvolveranse as medidas recollidas no Plan de Atención á Diversidade, entre as que sinalamos as seguintes: - Informar por escrito a cada titor/a dos alumnos/as da súa titoría que amosan necesidade específica de atención educativa, e cales son as pautas recomendadas. Esta información debe trasladala ao resto do profesorado do grupo. - Realizar unha reunión de todo o profesorado de 1º ESO, para trasladarles a información que se nos remite dende os centros de Educación Primaria.	EQUIPO DIRECTIVO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN TITORES/AS PROFESORADO	AO INICIO DO CURSO DURANTE TODO O CURSO CANDO SE DETECTE UNHA NOVA NECESIDADE
Medidas organizativas	- Formación dos grupos con criterios pedagóxicos, segundo a información recibida dende os centros de Educación Primaria e dos titores/as dos cursos anteriores.	EQUIPO DIRECTIVO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN	SETEMBRO
Avaliar de forma continuada as necesidades de convivencia e introducir as modificacións oportunas.	- Realizaranse reunións periódicas para valorar os casos de condutas contrarias ás normas de convivencia - Elaboración dun informe final sobre a convivencia no centro	CONSELLO ESCOLAR CLAUSTRO COMISIÓN DE CONVIVENCIA	AO LONGO DE TODO O CURSO
Medidas	- Promoveranse experiencias educativas interdisciplinares,	EQUIPO	

curriculares metodolóxicas	de traballo cooperativo e desenvolvemento de intelixencias múltiples.	DIRECTIVO CLAUSTRO FAMILIAS ALUMNADO	AO LONGO DE TODO O CURSO
Coordinación do equipo docente	<ul style="list-style-type: none"> - Ademais das sesións de avaliación, levarase a cabo unha sesión de pre-avaliación no mes de outubro - Realizaranse xuntanzas mensuais de cada equipo educativo por curso 	XEFATURA DE ESTUDOS TITORES/AS PROFESORADO	MENSUALMENTE
Protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar	<ul style="list-style-type: none"> - Realización de campañas de sensibilización contra o acoso escolar, dirixidas a toda a comunidade educativa, que axuden a previlo e a preparen para detectalo, reaccionar e intervir fronte a este. - Establecemento de canles específicas que faciliten ás vítimas a exteriorización das situacións de acoso escolar. - Determinación das medidas que deben adoptarse en caso de detección dunha situación de acoso escolar para poñerlle fin, sen prexuízo das correccións disciplinarias, que correspondan 	EQUIPO DIRECTIVO PROFESORADO FAMILIAS PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS	AO LONGO DE TODO O CURSO
Programas de habilidades sociais	<ul style="list-style-type: none"> - Para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras, estivera temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro - Dirixido ao alumnado que incorrera reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente 	EQUIPO DIRECTIVO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN TITORES/AS FAMILIAS	AO LONGO DE TODO O CURSO

4. COMISIÓN DE CONVIVENCIA

a. Composición:

- A xefa de estudos, que exercerá a presidencia
- Dous profesores/as que serán escollidos nunha sesión de Claustro
- Un pai/nai que forme parte do Consello Escolar
- Un membro do Persoal de Administración e Servizos

b. Funcións:

- a) Dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas no procedemento de elaboración, desenvolvemento, seguimento e revisión do Plan de convivencia do centro.
- b) Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- c) Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- d) Propoñer ao Consello Escolar e á Dirección do centro as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia.
- f) Asesorar no tipo de medidas e correccións disciplinarias que se tomen co alumnado do centro

c. Réxime de funcionamento:

- A Comisión de Convivencia reunirse quincenalmente de modo ordinario, convocada previamente pola presidencia
- Poderase convocar extraordinariamente se a presidencia considera que existen motivos para elo, ou se o solicitan 1/3 dos membros da mesma.
- Poderán solicitar o asesoramento doutros membros da Comunidade Educativa e/ou de organismos externos.

5. NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO (VER ANEXO)

6. AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA (VER ANEXO)

7. PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR (VER ANEXO)

8. PROGRAMAS DE HABILIDADES SOCIAIS (VER ANEXO)

9. ESTRATEXIAS PARA REALIZAR A DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.

- Cada grupo-clase disporá dunha copia do Plan de Convivencia
- Realizarase traballo nas horas de tutoría para o seu coñecemento por parte do alumnado
- Ao inicio do curso, no primeiro Claustro, realizarase unha breve exposición do contido do plan e das implicacións para os membros da comunidade educativa. Farase especial fincapé en na explicación ao profesorado de nova incorporación.
- Ao inicio do curso, no primeiro Consello Escolar, realizarase unha breve exposición do contido do plan e das implicacións para os membros da comunidade educativa.
- As familias terán a posibilidade de obter o contido completo do plan en formato dixital
- O Plan de Convivencia estará accesible na páxina web do centro xunto cos outros documentos de organización, xestión e funcionamento.

10. AVALIACIÓN E MELLORA

A Comisión de convivencia elaborará, ao remate de cada curso escolar, a correspondente memoria do Plan de convivencia do centro, de acordo cos datos e conclusións extraídos do proceso de seguimento e avaliación e coas propostas de mellora que se consideren necesarias. O Consello Escolar en pleno, por proposta da Comisión de convivencia, aprobará a memoria do Plan de convivencia elaborada por esta. Esta memoria formará parte da memoria anual do centro.

11.ANEXOS. NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO E PROGRAMAS COMPLEMENTARIOS

NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO (N.O.F.)

AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA

PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS
SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR

PROGRAMAS DE HABILIDADES SOCIAIS